



EXCMO. CONCELLO
DA
ESTRADA
(PONTEVEDRA)

--Documento: ADXUDICACIÓN PROVISIONAL POR RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 1279/2009 DE 27 DE OUTUBRO.

--Contrato: OBRAS DE "SUBSTITUCIÓN DE CUBERTA NA CASA CONSISTORIAL".

--Data de inicio da publicación deste documento no perfil do contratante: 27 DE OUTUBRO DE 2009

-Visto o expediente tramitado, de contratación da obra de "SUBSTITUCIÓN DE CUBERTA NA CASA CONSISTORIAL."

-Visto que, dentro do prazo concedido, só presentou solicitude de participación a empresa PROMOTORA MATIMÁN S.L.

-Vista a documentación administrativa aportada polo licitador.

-Tendo en conta que a oferta formulada polo licitador é conforme cos Pregos e a única presentada.

-Vista a fiscalización previa da Intervención municipal de data 26-10-09.

-Vista a competencia desta Xunta de Goberno Local, segundo o sinalado no artigo 7.2 do Decreto 1627/97, artigo 21.1.s) da Lei 7/85 e Decreto de delegación desta Alcaldía de data 21 de xuño de 2007 e visto o disposto no artigo 14 da Lei 30/92 no relativo á avocación de competencias.

A C O R D O:

1º.- Avocar a competencia previamente delegada na Xunta de Goberno Local.

2º.-Adxudicar provisionalmente o contrato de obras de "SUBSTITUCIÓN DE CUBERTA NA CASA CONSISTORIAL", por importe de 87.499,99 euros, a PROMOTORA MATIMÁN S.L. con arranxo ós Pregos e á súa oferta.

3º.-A adxudicación provisional queda condicionada, en todo caso, a que por parte do adxudicatario se aporte a seguinte documentación:

--Informe da Tesourería municipal de que se atopa ó corrente das súas obrigacións tributarias para co Concello.

---xustificante de ter constituída na Tesourería do Concello a correspondente garantía definitiva en calquera das formas previstas no artigo 84 da Lei 30/2007. O importe da garantía será do 5 % do importe da adxudicación excluído o IVE.

A documentación deberá ser aportada no prazo máis breve posible e nunca máis alá de 10 días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación da adxudicación provisional no Perfil do contratante.

Transcorrido o devandito prazo, no seu caso, producirase a adxudicación definitiva.

4º.-Notificar o Acordo que se acade ao adxudicatario e publicar a adxudicación provisional no Perfil do contratante.

A Estrada 27 de outubro de 2009.
O ALCALDE,

Asdo. José A. Dono López.